

## ACTA Nº 13/10

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 29 DE MARZO DE 2010**

#### **Asistentes:**

#### **CONCELLEIROS:**

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 29 de marzo de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Non se traen actas para a súa aprobación.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Dáse conta de que na resolución núm. 168/10, de 26 de marzo, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para ordenar a realización de horas extraordinarias para reforzo da Policía local, os días 26 de marzo e 2 de abril de 2010.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

#### **3.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 03/2010 – D. FRANCISCO PIÑEIRO ARGIBAY** presenta proxecto básico e de execución para a construción dun garaxe nunha vivenda familiar xa existente no barrio da Guía nº 251, Meira, Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. Manuel Rosales Rial, visado o 25 de xaneiro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 23 de marzo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** CONSTRUCCIÓN DE AUXILIAR PARA GARAXE (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística..**

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscripta polo arquitecto técnico municipal con data 3 de decembro de 2008 para Ordenanza 2 das NN.SS de Planeamento municipal. Acta de replanteo que se leva a cabo para solvertar as determinacións sobre a edificación principal do mesmo solar (expte. 112/08) cuxa licenza foi concedida en sesión da Xunta de Goberno Local de 12 de xaneiro de 2009..

Non require informes sectoriais.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado á Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	93,16 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

**3.B) EXPTE. 29/2010 – COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LA PAZ** presenta estudo técnico para saneamento de fachada para edificio existente na rúa Alnte. Méndez Núñez, 24, do barrio do Real – Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 20.11.09..

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 23 de marzo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** ESTUDO TÉCNICO PARA SANEAMENTO DE FACHADA (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación en fachada definitas en proxecto..**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lai 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicial.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construcción.....	39,79 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

#### **4.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRA MENOR**

- **EXPTE. 04/2010 – D. JOSÉ MANUEL SILVA CORTEGOSO** presenta memoria descriptiva e orzamento para instalación de dous portóns levadizo e nova porta peonil de cerramento en substitución da xa existente na súa propiedade, sita en Palmás, nº 225, Domaio, Moaña..

Visto o informe do aparellador municipal do 23 de marzo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** INSTALACIÓN DE DÚAS PORTAS LEVADIZAS E PORTA PEONIL (O. MENOR)

**INFORME:** Non procede licenza..

A instalación supera os dous metros, máxima altura para peches en urbano.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construcción.....	65,80 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polo motivo recollido no informe do aparellador municipal..

#### **5.- LICENZAS DE APERTURA**

**5.A) EXPTE. 11/10 – D.ª ROSA MARÍA CALVAR GARCÍA** solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 11 de xaneiro de 2010, licenza de apertura de local destinado a oficina na rúa Bernardino Graña, nº 1, edif. Poza dea Moura, piso 1º, local 10.

Visto o informe do aparellador municipal do 8 de marzo de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

**INFORME:** **Procede licenza de apertura** para establecemento comercial destinado a **oficina** a favor de **Rosa María Calvar García**.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 66/2006 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de xullo de 2006 e licenza de primeira ocupación de 2 de febreiro de 2009.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipal para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outógase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 12 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **Dna. ROSA MARÍA CALVAR GARCÍA**, a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 66/2006) outorgada pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 24.07.2006, presenta a licenza de primeira ocupación outorgada pola xunta de Goberno Local no día 02.de febreiro de.2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza municipal de apertura ..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **Dna. ROSA MARÍA CALVAR GARCÍA** licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Bernardino Graña 1º, andar 1º, local 9, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

**5.B) EXPTE. 41/07 – D. JESÚS RIVAS PARADA** solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 24 de novembro de 2010, licenza de apertura de local destinado a perruquería na rúa Ramón Cabanillas, baixo, 214,

Visto o informe do aparellador municipal do 25 de marzo de 2010, que incorpora acta de comprobación asinada tamén polo inspector de obras, que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A PELUQUERÍA

INFORME: **Procede licenza de apertura** para establecemento comercial destinado a **peluquería** a favor de **D. Jesús Rivas Parada.**

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 250/2007 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 10 de decembro de 2007.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipal para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza municipal de apertura ..... 250 €

Visto que se advertiu de oficio erro na transcripción do segundo apelido de D. Jesús Rivas no expediente, xa que no acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de decembro de 2007 polo que se lle concedía a licenza de obra aparece D. Jesús Rivas Miranda en vez de D. Jesús Rivas Parada,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Corrixir o erro na transcripción do segundo apelido de D. Jesús Rivas Parada no acordo polo que se lle concedía a licenza para o acondicionamento de local con destino de uso perruquería, expte. de obras 250/07.

Segundo: Conceder a **D. JESÚS RIVAS PARADA** licenza de apertura para establecemento comercial destinado a **PERRUQUERÍA** no local situado na rúa Ramón Cabanillas, nº 214, baixo, do barrio do Con, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

### **6.- RELACIÓN DE FACTURAS**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 25 de marzo que textualmente di:

Vista a relación de facturas número 180, presentada polas entidades sinaladas, xustificativas do gasto que ascende á cantidade acumulada de 59.049,66 € (IVE engadido)

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar a relación de facturas indicada, por importe acumulado de 59.049,66 euros, presentada polas seguintes entidades:

<b>ANEXO I</b>			
60	ALDAO GONZALEZ SUSANA 000585232X SLNE	2310 22713	7085,85
59	ALDAO GONZALEZ SUSANA 000585232X SLNE	2310 22703	2517,79
A114	MONFORTE S.A.	1320 20400	948

<b>ANEXO II</b>			
30	DIAZ JUNCAL, FRANCISCO	1710 22706	348
11	MONTAXES ANTEPAZO S.L.	3210 21200	337,13
37482	WURTH ESPAÑA, S.A.	1550 22199	590,49
438	FARO DE VIGO S.A.U.	3320 22001	360
44	NOTAS DE PRENSA E INFORMACION S.L.	4320 22602	928
48717	WURTH ESPAÑA, S.A.	1550 22199	1091,68
48716	WURTH ESPAÑA, S.A.	1550 22199	527,51
11	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	9200 21600	351,87
13	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	3320 22002	81,2
4	SANTA CECILIA ESCUDERO, ANA ISABEL	9200 22624	326,41
187342	GAS NATURAL S.U.R., SDG, S.A.	9200 22120	71,89
210019	ESYCSA	1320 21300	470,18
1881	KOPIAK MOAÑA S.L.	9200 22000	25,49
74/10	WURTH, S.L.	9200 16200	394,38
218	SILORDIMAR GAS, S.L.	3210 22103	147,45
101/09	SANTA CECILIA ESCUDERO, ANA ISABEL	9200 22624	141,02

71	WURTH, S.L.	9200 21600	267,26
433	FARO DE VIGO S.A.U.	3320 22001	360
7476	JUCONS GALAICA S.L.U.	1550 20300	229,68
3831	FARO DE VIGO S.A.U.	3320 22001	360
454	PAZ DISMAC, S.L	9200 22000	120,16
455	PAZ DISMAC, S.L	9200 22000	273,69
456	PAZ DISMAC, S.L	9200 22000	70,76
457	PAZ DISMAC, S.L	9200 22000	25,24
458	PAZ DISMAC, S.L	9200 22000	63,38
87357	COMERCIAL SENRA S.A.	3420 20203	234,32
885371	SISTEMAS OFICINAS RIAS BAIXAS S.L.U.	2310 22003	23,81
6/2010	SANTA CECILIA ESCUDERO, ANA ISABEL	9200 22624	331,26
74444	S.E. DE CARBUROS METALICOS S.A.	1550 22199	174,73
47/2010	FONDO GALEGO COOP. E SOLIDARIDADE	9200 22600	1435,52
210062	TELGA COMUNICACIONES S.L.	1320 20800	89,27
V/10/1977	AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO	9200 22600	158,78
V/10/1978	AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO	9200 22600	158,78
A1	CHAPELA FERVENZA, José	1550 21400	246,59
1466949	R CABLE Y TELECOMUNICACION DE GALICIA	2310 22200	88,99
7	SANTA CECILIA ESCUDERO, ANA ISABEL	9200 22624	124,55
714	PEYCAR PONTEVEDRA S.L	1320 22104	771,4
1199	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	3120 22103	24,01
374	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	3120 22103	102
738	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	3210 22103	405
884	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	3420 22103	629,37
1200	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	1550 22103	2108,33
1201	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	9200 22103	30
1202	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	1340 22103	221,28
1203	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	1320 22103	435,39
195	FARO DE VIGO S.A.U.	4320 22602	1151,01
471452	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22201	1302,32
A59	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	139,2
471280	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22221	349,15
311	VIVEIROS ADOA S.L.	1720 22199	251,73
129186	ASCENSORES ENOR S.A.	9200 21200	23,27
19953	SENAVE, S.L.	1550 22199	291,75
26	RUA RUA, F. David	1510 22114	108,3
27	RUA RUA, F. David	1510 22114	216,6
1104	PAZ DISMAC, S.L	3340 22000	40,92
1105	PAZ DISMAC, S.L	9200 22000	196,72
1103	PAZ DISMAC, S.L	9200 22000	107,72
14	MONTAJE CONSERVACION INDUSTRIAL VIGO S.	9200 21200	104,52
60735	DOMAIO F.C.	3420 22100	174,46
21/10	FONCAL MORRAZO S.L.	4310 21200	162,4
26/10	FONCAL MORRAZO S.L.	2310 21200	104,4
28/10	FONCAL MORRAZO S.L.	1550 21000	684,4
29/10	FONCAL MORRAZO S.L.	1550 21000	243,6
329	VIVEIROS ADOA S.L.	1710 21200	33,93
39/10	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	66,47
40/10	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	230,48

41/10	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	47,4
42/10	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	32,21
43/10	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	208,81
44/10	MONTES COSTAL, María Luz	3320 22110	46,33
45/10	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	84,41
46/10	MONTES COSTAL, María Luz	4310 22110	208,28
47/10	MONTES COSTAL, María Luz	3370 22110	69,75
48/10	MONTES COSTAL, María Luz	2310 22110	156,35
49/10	MONTES COSTAL, María Luz	2340 22110	93,8
50/10	MONTES COSTAL, María Luz	3420 22110	23,86
51/10	MONTES COSTAL, María Luz	1550 22110	79,34
52/10	MONTES COSTAL, María Luz	2310 22110	10,91
53/10	MONTES COSTAL, María Luz	9200 22110	101,93
54/10	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	219,11
55/10	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	149,56
56/10	MONTES COSTAL, María Luz	1340 22199	197,22
5089	RECAMBIOS MOLARES, S.L.	1550 21400	92,39
676	ADO CERRAMIENTOS METALICOS, S.A.	1320 62900	2825,2
1/2010	BANDA DE MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	3250 22609	865
24/10	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	9200 21600	351,87
27/10	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	9200 21600	100
29/10	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	3320 22001	81,2
210087	ESYCSA	1320 21300	695,52
433	ROFERVIGO, S.L.	1340 21400	127,4
2010/A/78	ROMERO SOLIÑO S.L.	1640 21200	1038,5
886514	SISTEMAS OFICINAS RIAS BAIXAS S.L.U.	2310 22003	44,4
17/2010	SANTA CECILIA ESCUDERO, ANA ISABEL	9200 22603	243,1
136	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	383,25
133	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	208,29
131	MONTES COSTAL, María Luz	9200 22130	13,89
130	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	260,22
129	MONTES COSTAL, María Luz	3340 22110	132,88
128	MONTES COSTAL, María Luz	2310 22110	9,56
127	MONTES COSTAL, María Luz	1640 22110	52,8
126	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	263,56
125	MONTES COSTAL, María Luz	3120 22110	4,59
124	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	78,17
122	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	79,95
123	MONTES COSTAL, María Luz	3340 22110	111,79
121	MONTES COSTAL, María Luz	2310 22110	133,71
120	MONTES COSTAL, María Luz	4310 22110	112,82
119	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	103,82
118	MONTES COSTAL, María Luz	3420 22110	92,14
117	MONTES COSTAL, María Luz	9200 22110	159,38
116	MONTES COSTAL, María Luz	2340 22110	64,33
115	MONTES COSTAL, María Luz	3420 22110	197,27
114	MONTES COSTAL, María Luz	3420 22110	267,28
113	MONTES COSTAL, María Luz	1550 22110	135,88
111	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	244,69
109	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	55,81



107	MONTES COSTAL, María Luz	3210 22110	326,54
2034	MADERAS COBRES, S.L.	1550 21000	25,76
1380	PEYCAR PONTEVEDRA S.L	1320 22199	187,92
1680	A & B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGIA	1550 22199	821,28
2606	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	3120 22103	2418,87
2609	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	1320 22103	445,14
2608	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	1340 22103	215,66
2607	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	9200 22103	68,2
282	SANCHILAN,S.L.	1550 22103	24,72
73/10	SANCHILAN,S.L.	1550 22103	153,25
284	SANCHILAN,S.L.	1550 22103	129,29
283	SANCHILAN,S.L.	1340 22103	14
A106	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	2060,16
210136	TELGA COMUNICACIONES S.L.	1320 20800	89,27
2057	KOPIAK MOAÑA S.L.	1320 22000	15,55
2060	KOPIAK MOAÑA S.L.	9310 22000	69,81
2061	KOPIAK MOAÑA S.L.	9200 22000	26,91
2269	KOPIAK MOAÑA S.L.	9200 22000	123,38
2271	KOPIAK MOAÑA S.L.	1510 22000	88,21

<b>ANEXO III</b>		
TELEFONICA (xaneiro) .....	varias	3101,78
TELEFONICA (febreiro) .....	varias	3018,18
MOVISTAR (xaneiro) .....	varias	1974,61
<b>TOTAL RELACION .....</b>		<b>59.049,66</b>

**Segundo.-** Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 59.049,66 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010.

**Terceiro.-** Aprobar a bonificación correspondente a factura de Telefónica Móviles de España S.A., por un importe de 464,60 euros.

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe do interventor municipal de data 25 de marzo de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento de gastos orixinados por clubs alleos ao Concello que non gardan con el ningún tipo de relación orgánica ou de dependencia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: levantar o reparo do interventor municipal por entender que o pago dos servizos correspóndelle realizalo ao Concello.

Segundo: Aprobar a proposta nos seus xustos termos.

## 7.- APROBACIÓN FACTURA PROMOCIÓN FITUR

Vista a factura emitida *Asociación de alojamientos turísticos del Morrazo 'A MAIS'* en concepto de publicidade co premio que a Asociación realizou na feira de turismo Fitur 2010 no que incluía publicidade do Concello de Moaña nas 10000 rifas repartidas en dita feira,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a factura nº 3/10 da *Asociación de alojamientos turísticos del Morrazo 'A MAIS'* e recoñecer a obriga polo importe de 200,00 euros a favor de *Asociación de alojamientos turísticos del Morrazo 'A MAIS'* con cargo á partida 4320 22602 RC 477.

## 8.- GRATIFICACIÓN EXTRAORDINARIA POLICÍA LOCAL

Visto o informe do xefe da Policía local do Concello de Moaña, de datas 14 de novembro de 2010 onde se reflicte as horas extraordinarias realizadas polo policía local José Benito Pérez Carrera, para reforzar o servizo na madrugada do 15.11.2009 por mor da alerta laranxa por fortes chuvias,

DATA	SERVIZO REALIZADO	Autorizado	Diurnas	Nocturas	Festivas	IMPORTE
15/11/09	Reforzo alerta chuvias				5 19,99	99,95€

Visto o informe desfavorable do interventor do 8 de marzo de 2010 pola inexistencia da documentación requirida polas bases de execución do orzamento para o 2009, nesta data prorrogadas ao ano 2010, para a autorización e abono de servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo,

Visto o escrito do 29 de marzo de 2010 do interventor no que fai constar que logo da aprobación da modificación de crédito 4/10 e unah vez rexistrado o compromiso para gastos de persoal do ano 2010, existe crédito por importe suficiente na partida 1320.12104 do orzamento para o recoñecemento dunha obriga por importe de 99,95 euros en concepto de gratificacións extraordinarias,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro: levantar o reparo do interventor municipal debido á urxencia coa que se decidiu a realización de horas extras para reforzar o servizo motivada pola declaración de alerta laranxa, que imposibilitou a tramitación normal do expediente,

Segundo: aprobar a gratificación extraordinaria á José Benito Pérez Carrera polo importe de 99,95 €, con cargo á partida orzamentaria 1320 12104 para o seu posterior pagamento.

## 9.- LIQUIDACIÓN PRIMA DE SEGUROS

Visto o documento de liquidación das cotas do Seguro Obrigatorio/Voluntario de Automóbiles correspondente a 2010 e regularización de 2009 de determinados vehículos deste Concello, remitido polo Consorcio de Compensación de Seguros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 1.513,96 euros a favor de Consorcio de Compensación de Seguros pola renovación das pólizas correspondentes aos seguros dos vehículos municipais coas matrículas que se relacionan de seguido, imputandoo ás seguintes partidas:

	PÓLIZA	MATRÍCULA	VEHÍCULO	IMPORTE €	PARTIDA
Protección civil	31312173	C-1143 BL	Ambulancia	155,14	1340 22400
	51435980	1325BVH	Camión bomb.	401,94	
	71536747	PO5323BH	Ambulancia	155,98	
	71557338	5751FYD	Nissan Nivara	155,98	
Policía Local	51435985	6388CPT	Seat Córdoba	155,14	1210 22400
	71535177	4705FST	Sangyong	155,14	
	71551693	0633FWR	Motocicleta	167,32	
	71551694	0643FWR	Motocicleta	167,32	

## 10.- PROPOSTAS DE GASTOS

**10.A)** Visto o orzamento 2105-10 do mes de marzo de 2010 presentado pola empresa PL 4 Señalizaciones, s.l., para o subministro de 25 espellos panorámicos con anclaxe e 2 sinais tipo “urbana”, por un importe total de 2.079,09 euros, solicitado pola concelleira de tráfico,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 1320-62900, RC 474,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 2.079,09 € a favor da empresa PL 4 Señalizaciones, S.L., con cargo a partida 1320-62900 RC 474 polo subministro de sinais informativos.

**10.B)** Vista a orde de publicidade asinada polo concelleiro de Turismo o día 23.03.10 para anunciar o Concello de Moaña no especial de Semana Santa que publicará dito diario o día 27 de marzo, que aparecerá nunha inserción de 15 módulos no diario, cun custe de 297,54 euros,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 4320-22602, RC 475,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 297,54 € a favor de Atlántico Diario, con cargo a partida 4320-22602 RC 475 por publicidade no especial de Semana Santa.

## **11.- CERTIFICACIÓNS DA OBRA “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA MUNICIPAL”.**

Dáse conta das seguintes certificacións ordinarias nº 14, de data 31 de xaneiro de 2010, e a nº 15 de data 28 de febreiro de 2010 da obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA MUNICIPAL”, presentadas pola empresa VARELA VILLAMOR S.L., asinada polo director de obra D. Jesús Aser Fole Osorio. Así mesmo, dáse conta da factura a FV10/016, do 8 de marzo de 2010, por importe de 34.364,14 euros.

Consta no expediente solicitude do contratista de cesión do dereito de cobro da factura nº FV10/016, correspondentente á prestación realizada de “Rehabilitación da casa Pazó para Gardería Municipal”, por un importe de 34.364,14 euros, a favor de CAIXANOVA, cumprindo co disposto nas bases de execución do Orzamento Municipal. aceptado polo representante de CAIXANOVA,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Aprobar as certificacións ordinarias nº 14, de data 31 de xaneiro de 2010 por importe de 0 € e a certificación ordinaria nº 15, de data 28 de febreiro de 2010 por importe de 34.364,14 da obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA MUNICIPAL”.

**Segundo:** Aprobar a factura de VARELA VILLAMOR S.L. nº FV10/016, de data 08/03/10, por un importe de 34.364,14 euros, recoñecendo as obrigas con cargo á partida 3210.62200.

**Terceiro:** Aprobar o endoso da factura nº FV10/016, por un importe de 34.364,14 € emitida por CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. a favor de CAIXANOVA, no nº de conta 2080-0000-79-0080000707.

## 12.- APROBACIÓN DO PLAN DE EXPLOTACIÓN DE TERRAZAS EN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

Vista a circular cos criterios a ter en conta para elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de temporada par ao presente ano.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda propoñer o seguinte plan de explotación de terrazas dacordo coas solicitudes feitas polos interesados.

### PLAN DE EXPLOTACIÓN DE TERRAZAS EN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE, EJERCICIO 2010

INSTALACIÓN/PRAIAS	UNIDADES	SUPERFICIE	TOTAL M2	€/M2/UNIDADE	CANON €	FIANZA €
SAMERTOLAMEU						
Terraza “Bar Canario”: D.ª Yolanda Santiago Perez	1	10	10	30	300	200
r/ CONCEPCIÓN ARENAL						
Terraza “Orensana” D.ª Ana Maria Rodriguez Pazos	1	22	22	30	660	440
Terraza “Vaticano” Nomi y Moi CB (D. Moisés Verdeal Martínez)	1	15	15	30	450	300
Terraza “Cofradía Pescadores” D. Jose Antonio Verde Vieira	1	30	30	30	900	600
Terraza “Xardín” D.ª Melania Pena sequeiros	1	10	10	30	300	200
Caseta sandía D. Pablo Martinez Alvarez	1	7	7	30	210	140
Terraza Hamburgueseria Beiramar Consuelo Romero Perez	1	5	5	30	150	100
Bar Moaña	1	14	14	30	420	420

Jose A. Rodriguez Silva						
Cafeteria AQUA Nuria Martinez Santome	1	16	16	30	480	320
O Con:						
Bar Maruxia Manuel Costa Alonso	1	30	30	30	900	900
Xunqueira	1			30		
Cafeteria Antonio Rodriguez Costa	1	30	30	30	900	900
<b>TOTAL CANON E FIANZA</b>					<b>5.670</b>	<b>4.520</b>

Todos solicitan o tempo establecido na circular a excepción de Hamburgueseria Beiramar que o fai soamente polos meses de Xullo e Agosto

### 13.- CHIRINGUITOS DE TEMPADA DE VERÁN EN PRAIA

Vista a proposta de *BASES QUE HAN DE REXER A SELECCIÓN PREVIA POLO CONCELLO PARA A CONCESIÓN POR COSTAS DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA EN TERREOS DE USO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DE CHIRINGUITOS DE TEMPADA DE VERÁN EN PRAIS*, que di:

**1. OBXECTO:** O presente prego ten por obxecto o trámite previo de selección, entre os posibles solicitantes, da concesión pola Demarcación Provincial de Costas de autorización administrativa para a ocupación de terreos de uso público mediante a instalación de chiringuitos destinados á explotación económica dos servizos de tempada de verán nas praias do Concello de Moaña, de acordo ao Plan de Ocupación proposto anualmente polo concello e aprobado pola Xefatura Provincial de Costas do Estado. Os espazos obxecto de concesión son os seguintes:

Praia do Arnado.....Espazo destinado a chiringo (max 10 m2)  
Espazo destinado a terraza (max 10 m2)

Praia da Xunqueira..... Espazo destinado a chiringo (max 20 m2)  
Espazo destinado a terraza (max 30 m2)

Para os espazos obxecto de autorización en cada unha das praias elixirase un único adxudicatario. A selección realízase por concurso mediante procedemento aberto. Respecto ao Chiringuito do Arnado, sen menoscabo da posible afeción por obras de recuperación levadas a cabo no areal que obrigase á retirada ou desprazamento da instalación.

**2. DURACIÓN DO CONTRATO:** As autorizacións por Costas outorgaranse por un prazo de 1 ano, prorrogables por outro, ata un máximo de 2 anos. A ocupación dos espazos para a súa explotación estará limitada a tempada de verán, dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro de cada ano.

A prórroga acordarase por Costas.

**3. PREZO OU CANON, TAXA E FIANZA.** Os que adxudicatarios da autorización deberán pagar un canon de ocupación ao Servizo Provincial de Costas e unha taxa de explotación ao Concello de Moaña de acordo a Ordenanza Municipal; así como constituír unha fianza anual para responder do levantamento das instalacións unha vez rematada a tempada de explotación do verán. Os importes destes conceptos serán revisados anualmente en función dos establecidos polo Servizo

Provincial de Costas. Os tres importes deberán ingresarse no departamento de recadación do Concello, cada ano, previamente ao inicio da instalación.

Os prezos fixados a partir do ano 2010 sufrirán unha actualización anual equivalente ao incremento do I.P.C. do ano anterior.

#### 4. DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES:

1.- Os que resulten definitivamente coma adxudicatarios por parte de Costas terán dereito á ocupación e explotación económica dos espazos mencionados, mediante a instalación de chiringos e terrazas de verán dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro de cada ano.

2.- Cada un dos adxudicatarios quedan obrigados ao pagamento do canon de ocupación ao Servizo Provincial de Costas, da taxa de explotación ao Concello de Moaña e da constitución da fianza anual para responder do levantamento das instalacións unha vez rematada a tempada do verán.

3.- A instalación dos chiringos e terrazas, así como a compra de todos os elementos de equipamento e mobiliario a adquirir para os espazos obxecto de autorización especial será responsabilidade dos adxudicatarios, de acordo coas seguintes condicións:

- Os chiringos e terrazas a instalar deberán estar construídos en madeira e materiais tradicionais, adecuados, de boa calidade, bo aspecto estético e estado de conservación, tentando a súa integración no medio ambiente e o non impacto co medio. Os chiringos e terrazas deberán ser en todo caso total e facilmente desmontables. Non se permitirá en ningún caso a construción de obras de fábrica ou outras obras fixas. A superficie total instalada nunca poderá superar o espazo obxecto de concesión.
- Os espazos autorizados para toldos, parasoles ou hamacas estarán sinalizados nos seus vértices mediante sinalizadores encaixados. Estas instalacións contarán con pasos de acceso perpendiculares á orella de polo menos 5 metros de ancho e separados como máximo 25 metros uns de outros. As filas estarán separadas entre si polo menos 4 metros.
- Non se permitirán as acotacións de paso ao público nin a instalación doutras casetas ou elementos distintos dos chiringos e as terrazas.
- Deberase garantir a evacuación e retirada do dominio público dos residuos líquidos e sólidos que se deriven da explotación
- Previamente á instalación dos equipamentos o adxudicatario deberá solicitar ao Servizo Provincial de Costas un acto de replanteo sobre o terreo. Non se admitirá a instalación ou inicio da explotación sen este requisito. Unha vez realizada a instalación o adxudicatario volverá a solicitar do servizo de costas o seu recoñecemento final. O incumprimento desta condición será causa de revogación da concesión.
- Todas as instalacións deberán manterse en bo estado de conservación.

4.- De cara á explotación, os adxudicatarios están obrigados a darse de alta no imposto de actividades económicas e solicitar a correspondente licenza de apertura municipal antes do inicio da actividade, dispoñer da correspondente autorización sanitaria, dispoñer dun seguro de accidentes para os usuarios e manterse ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.

5.- Unha vez rematada a tempada anual de explotación, a 30 de Setembro, o adxudicatario queda obrigado a retirar fóra do dominio público e da súa zona de servidume todas as instalacións e os seus elementos, así como a restaurar a realidade física alterada. A partir do 30 de setembro existirá

un prazo a maiores de 4 días para que o adxudicatario proceda á retirada; se así non o fixese seralle embargada a fianza.

Unha vez efectuada a retirada os adxudicatarios deberán solicitar en escrito dirixido ao Sr. Alcalde do Concello de Moaña a devolución da fianza anual. A fianza será devolta unha vez comprobada polos servizos técnicos do concello a retirada efectiva.

6.- Prohíbese a subrogación da autorización especial, salvo autorización expresa por Costas e nas condicións a definir por este.

7.- Ademais de cumprir coas obrigas xerais enumeradas anteriormente os adxudicatarios quedan obrigados ao cumprimento de calquera norma a maiores establecida no Regulamento das condicións xerais para a explotación dos servizos de tempada de verán que anualmente aproba o Servizo Provincial de Costas en Pontevedra.

Obrigas do adxudicatario relativas ao funcionamento das instalacións.

1.- Quedarán a cargo do adxudicatario a limpeza, mantemento e consumos de auga, electricidade, gas, teléfono e combustíbeis dos espazos cedidos en explotación, así como a limpeza do contorno de calquera tipo de desperdicio ou contaminación derivados da súa actividade.

2.- Os horarios de apertura ao público dos chiringos estenderanse como máximo desde as 10:00 ata as 24:00 horas non podendo exceder destes horarios.

3.- A explotación tanto do chiringo como da terraza deberá cumprir coas normativa municipais vixentes para este tipo de establecementos, moi especialmente no relativo á normativa de ruidos.

## **5. CRITERIOS BASE PARA A FORMALIZAR A PROPOSTA DE AUTORIZACIÓNS.**

Serán os seguintes:

- 1.- Estar en situación de desemprego.....1 punto.
- 2.- Ingresos familiares anuais per cápita inferiores a 7.455,14 euros .....1 punto.  
(IPREM anual referido a 14 pagas)
- 3.- Experiencia acreditada no sector da hostalería. 0,5 puntos por ano. Máximo..... 2 puntos.
- 4.- Experiencia na prestación do servizo en anos anteriores  
(adxudicatarios en períodos anteriores) 0,5 puntos por ano. Máximo..... 2 puntos.
- 5.- Calidade e adecuación do equipamento e mobiliario para as instalacións..... 2 puntos.
6. -Organización de actividades de dinamización social ..... 2 puntos.  
(Concertos, actividades lúdicas, actividades deportivas...)

A situación de desemprego acreditarase cunha vida laboral actualizada e declaración xurada do licitador conforme se atopa en situación de desemprego.

Os ingresos familiares per capita acreditaranse mediante certificado de empadramento onde figuren todos os membros da unidade familiar e certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria onde consten os ingresos do exercicio 2009, a efectos do IRPF.

A experiencia no sector da hostalería acreditarase mediante fotocopia compulsada do imposto de actividades económicas ou de contratos de traballo e vida laboral actualizada.



A experiencia na prestación de servizos en anos anteriores (adxudicatarios en períodos anteriores) acreditarase mediante certificación expedida polo secretario do Concello.

En canto á calidade e adecuación do equipamento e mobiliario a instalar, os licitadores presentarán unha memoria coa relación de equipamento e mobiliario que se comprometen a subministrar para a explotación dos espazos obxecto de concesión, incorporando unha descrición detallada dos elementos, fotografías ou debuxos e un orzamento xeral do investimento.

En canto á valoración da organización de actividades de dinamización social, os licitadores deberán presentar unha memoria das actividades a realizar en cada tempada de verán durante 4 anos.

## **6. CAPACIDADE PARA CONCORRER.**

Poderán participar neste procedemento selectivo as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en ningunha das causas de incapacidade, prohibición ou incompatibilidade enumeradas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Ademais, unha vez realizada a adxudicación pola Demarcación de Costas, os adxudicatarios deberán presentar no prazo dos 10 días naturais seguintes certificados acreditativos de atoparse ao día nos seus pagos coa Seguridade Social e a Axencia Estatal da Administración Tributaria, así como de non ter pendente ningunha débeda por ningún concepto coa administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **7. EXPOSICIÓN DO EXPEDIENTE.**

Na secretaría do Concello tódolos días laborables e durante as horas de oficina, excepto os sábados.

## **8. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.**

### 8.1- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

As proposicións presentaranse no rexistro xeral deste Concello de 9 a 14 horas durante o prazo de 20 días naturais seguintes ao da publicación do presente prego no taboleiro de edictos do Concello.

Poderanse presentar proposicións por correo tendo o interesado que acreditar co resguardo correspondente a data do envío na oficina de correos e anunciando o mesmo día ao Órgano de Selección por Fax a remisión da proposición. Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto.

### 8.2.- MODELO DE PROPOSICIÓN.

PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA SELECCIÓN PREVIA POLO CONCELLO PARA A CONCESIÓN POR COSTAS DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA EN TERREOS DE USO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DE CHIRINGUITOS DE TEMPADA DE VERÁN EN PRAIAS.

D.....maior de idade con DNI ..... profesión.....e enderezo en..... en nome propio (ou en representación de), coñecedor da convocatoria de selección para a concesión de por costas de autorización administrativa en terreos de uso público para a instalación de chiringuitos de tempada de verán en praias, tomo parte na mesma, comprometéndome a xestionar os mencionados servizos, quedando obrigado ao pagamento dun canon de ocupación ao Servizo Provincial de Costas, dunha taxa de explotación ao Concello de Moaña e da constitución

dunha fianza para responder do levantamento das instalacións unha vez rematada a tempada de explotación do verán e de conformidade coas cláusulas administrativas do presente prego que acepto integramente.

Lugar, data e sinatura do proponente.

Ao modelo de proposición xuntarase a seguinte documentación:

- Acreditación da situación de desemprego.
- Acreditación dos ingresos familiares anuais per capita
- Acreditación da experiencia no sector da hostalería.
- Acreditación da experiencia na prestación do servizo en anos anteriores
- Descrición do equipamento e mobiliario para as instalacións.
- Descrición das actividades de dinamización social a organizar.

### 8.3. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

Todos os aspirantes deberán presentar ademais a seguinte documentación administrativa:

- Fotocopia compulsada do DNI do licitador cando sexa persoa física ou empresario individual, ou da escritura de constitución de sociedade mercantil inscrita no Rexistro Mercantil e número de identificación fiscal cando sexa persoa xurídica.
- No caso de que se trate dunha unión temporal de empresas, cada unha delas terá que acreditar do xeito indicado no apartado anterior a súa constitución, facendo indicación dos empresarios que subscriben a proposta, a participación de cada unha das empresas e designando a persoa ou entidade que durante a vixencia da concesión ostentará a representación da unión diante da administración.
- Poder bastantado polo Secretario do Concello cando se actúa en representación.
- Declaración xurada do solicitante de atoparse ao día nos seus pagos coa Seguridade Social e a Axencia Estatal da Administración Tributaria, así como de non ter ningunha débeda por ningún concepto coa Administración Autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Declaración xurada do solicitante de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade, prohibición ou incompatibilidade previstas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público

**9. ÓRGANO DE SELECCIÓN:** A Xunta de Goberno Local.

### **10. MESA DE SELECCIÓN E APERTURA DE PLICAS.**

1. A constitución da mesa terá lugar no Salón de Actos do Concello as 12.00 horas do terceiro día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de proposicións.

2. A Mesa estará integrada do xeito seguinte:

Presidente: Alcalde- Presidente ou Concelleiro en quen delegue.

Vogais:

- O concelleiro responsable do servizo.

- Un representante de cada un dos grupos políticos que integran a corporación.
- Un Técnico nomeado polo Concello.
- O Secretario do Concello.

Secretario: Un funcionario do Concello.

3. A mesa procederá á cualificación da documentación presentada polos aspirantes en acto privado, Se observara defectos subsanables na documentación poderá conceder, se o estima oportuno, un prazo non superior a dous días para que sexan subsanados polo licitador. Se a documentación tivera defectos ou deficiencias non subsanables rexeitarase a proposición.

4.- Procederase en ACTO PÚBLICO á presentación das proposicións presentadas polos aspirantes, remitíndoas, coa acta e a proposta que estime pertinente (que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados neste prego) ao órgano de selección.

5. O feito de existir un só interesado por espazo obxecto de autorización non impedirá a proposta de adxudicación dos espazos para a súa explotación. A mesa de selección poderá ser anulada se existen sospeitas de acordo fraudulento entre os concorrentes.

## **11. PROPOSTA DEFINITIVA.**

O órgano de selección, recibida a documentación da mesa e emitidos os informes técnicos correspondentes, ditará dentro dos dez días hábiles seguintes ao de apertura de proposicións, proposta de adxudicación das autorizacións ás proposicións máis vantaxosas ou declarando deserta a selección.

O órgano de selección resérvase o dereito de non efectuar proposta, cando os interesados non ofrezan garantías suficientes para regular o funcionamento da concesión, ou non cumpran cos requisitos establecidos nas condicións de adxudicación establecidas no presente prego.

As adxudicacións definitivas, unha vez acordadas pola Demarcación Provincial de Costas, será notificada aos participantes na selección. Ao efectuar a notificación aos adxudicatarios definitivos, serán requiridos para a formalización da autorización.

Aos adxudicatarios do dereito de ocupación e explotación concédeselle un prazo de 30 días naturais, desde a formalización da concesión, para o inicio da respectiva ocupación e explotación, o incumprimento deste prazo implicará a perda de todos os dereitos adquiridos.

**12. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.** As infraccións clasifícanse como leves, graves e moi graves.

Son infraccións leves:

- Os atrasos no cumprimento das obrigas do suxeito autorizado.
- As desobediencias aos Decretos de Alcaldía.
- O non sometemento á inspección dos Servizos Técnicos Municipais.
- A non exhibición da Licenza Municipal.
- O incumprimento das Ordenanzas Municipais.

Si o suxeito autorizado cometese unha infracción de carácter leve, imporáselle unha sanción que non excederá a cantidade de 150 euros.

Son infraccións graves:

- A reiteración por parte do autorizado de actos que dean lugar a sancións leves.

- A actuación do suxeito autorizado que dea lugar á depreciación do dominio público.
- O incumprimento das obrigas do suxeito autorizado relativas ao funcionamento das instalacións.
- O uso anormal do dominio público concedido.
- O exercicio dunha actividade sobre o dominio que non sexa a que ten por obxecto dita concesión.
- A transmisión da concesión sen autorización que supoña unha violación da concorrència competitiva.

Si o suxeito autorizado cometese unha infracción de carácter grave, imporáselle unha sanción que non excederá a cantidade de 300 euros.

Con independencia da sanción, cando se producen danos ao dominio público e non sexan como consecuencia de casos fortuítos ou forza maior, a Administración poderá impor a indemnización dos mesmos.

Son infraccións moi graves:

- A reiteración de infraccións graves.
- O non exercicio da concesión nas condicións establecidas.

Para estes casos a sanción poderá ser de até 600 euros na primeira ocasión, e en caso de reincidencia ou reiteración poderá ser declarada a extinción da concesión.

13. EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN. A autorización que conceda Costas extinguirase:

1. Por falta de pago do canon, taxa ou fianza.
2. Polo transcurso do prazo.
3. Por mutuo acordo.
4. Por sanción con arranxo ao establecido neste prego.
5. Por desafectación do ben.
6. Por revogación da concesión.
7. Por resolución xudicial.
8. Por subrogación non autorizada da instalación a un terceiro.

Os adxudicatarios que desexen desistir do dereito de ocupación e explotación destes servizos deberán comunicarllo ao Alcalde do concello mediante carta certificada con acuse de recibo. En canto non se teña realizado esta comunicación considerárase que os adxudicatarios continúan ocupando e explotando os servizos.

Por morte do titular do dereito de ocupación e explotación, terán dereito preferente á ocupación dos espazos e explotación dos servizos o seu cónxuxe vivo e non separado xudicialmente, e na súa falta ou desinterese os descendentes en primeiro grao de aquel, se estes ou os seus representantes o requiren nos 60 días seguintes ao deceso.

14. JURISDICIÓN COMPETENTE. Os posibles litixios xurdidos sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente prego e das autorizacións, serán resoltos pola Delegación Provincial de Costas esgotando a vía administrativa; unha vez esgotada esta, procederá pola vía contencioso-administrativa a tenor da lei da devandita xurisdición.

15. RÉXIME XURÍDICO. No non previsto expresamente polo presente prego estarase ao disposto pola Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e as súas disposicións de desenvolvemento, tendo carácter supletorio o Real Decreto 1372/1986 Regulamento de bens das entidades locais, no que resulte de aplicación pola **Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público**, pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, polo Regulamento das condicións xerais para a explotación dos servizos de tempada de verán que anualmente aproba o Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, así como polas normas xerais do dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as bases e abrir a convocatoria, sen menoscabo de posible afección por obras de recuperación levadas a cabo no areal que obrigase á retirada ou desprazamento da instalación do Chiringuito do Arnado.

#### **14.- RESUME DO PADRÓN DE AUGA E SANEAMENTO DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2010**

Visto o resume do padrón de auga e saneamento do primeiro trimestre do ano 2010, entregado o día 24 de marzo de 2010 por AQUALIA, Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga, co que se pretende dar a coñecer a facturación correspondente a este período, por un importe 244.142,74 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de auga e saneamento do primeiro trimestre do ano 2010, por un importe de 244.142,74 euros, e que se expoña ao público polo período de tempo regulamentario.

#### **15.- PADRÓN I.V.T.M. 2010**

Vista a proposta da Alcaldía sobre o Padrón do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio 2010, que di:

- 1.- Aprobación do padrón do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) correspondente ó exercicio 2010, remitido polo ORAL.
- 2.- Remitir o presente acordo ao ORAL, para os efectos de proceder á publicidade do padrón e ao seu posterior cobro.
- 3.- Someter a exposición pública o padrón do IVTM correspondente ao exercicio 2010, publicando o correspondente anuncio no taboleiro de edictos do Concello, durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 1 de maio de 2010, debéndose remitir á Dirección do Oral, unha vez expirado tal prazo, anuncio coa pertinente dilixencia de ter sido exposto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

## **16.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO**

Visto o informe do 5 de marzo de 2010 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, no que indica as seguintes persoas que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da traballadora social, acorda:

**Primeiro:** Aprobar a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Rosa Paz Longueira. Caeagua, 118, B. D. Meira.
- D<sup>a</sup> Josefa Díaz Romero. Xogo dos Bois, 231. Ribeira.
- D<sup>a</sup> Emma Paredes Pequeño. Verdeal, 63. Domaio
- D<sup>a</sup> Carmen Paz Rodríguez. Os Quinteiros, 168. Quintela.
- D<sup>a</sup> Carmen Fernández Piñeiro. Verducedo, 122.
- D<sup>a</sup> Agustina Collazo Nogueira. Avda. José Costa Alonso, 94-2º.
- D<sup>a</sup> Otilia Figueiras Blanco. Reibón, 142.
- D<sup>a</sup> Concepción Portela Estévez. Avda. Marín, 9.
- D.<sup>a</sup> Luisa Celia Chapela Martínez. Moureira, 19. Meira.
- D.<sup>a</sup> María Santomé Gestido. O Latón, 303. Meira
- D. José Macenlle Jáuregui. Baixada a Torneira, 100. O Cruceiro.
- D<sup>a</sup> María González Veiga. Palmás, 149. Domaio
- D<sup>a</sup>. Carmen Rodríguez Alonso, Fiunchal, 190. O Con.
- D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Chapela Piñeiro. Bº Soage Hermida, 179. Abelendo.
- D<sup>a</sup> Isabel Rodríguez Rodríguez. Daniel Castelao, 17- 1º A.
- D<sup>a</sup> Florinda Barcia Corrales. Verducedo, 135.

**Segundo:** Aprobar a tarifa reducida do 1% a:

- D. Enrique Iglesias Avendaño. Fragata Almansa, 20 – 4º E. Portal 2.

**Terceiro:** Denegar as seguintes solicitudes de tarifa reducida por non cumpriren cos requisitos establecidos na ordenanza municipal:

- D.<sup>a</sup> Eugenia Fervenza Paredes. Piñeiro, 14. Verducedo (por superar ingresos).
- D.<sup>a</sup> María Sanluis Rodas. Camiño Vello, 29- 1º Esq. O Con.

**Cuarto:** Notificarlle o acordo a Aqualia.

## **17.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN**

Vista a proposta de modificación do cadro de infraccións da *Ordenanza municipal de circulación* para adaptalo á Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e

seguridade viaria, que entrará en vigor o 25 de maio de 2010, remitida polo xefe da Policía Local, co visto e prace da concelleira de Mobilidade,

Visto o informe do secretario municipal de data 29 de marzo de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar inicialmente a modificación do cadro de infraccións e sancións da Ordenanza municipal de circulación, e sometela a exposición pública mediante a publicación do anuncio no BOP.

### **18.- AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN CIRCO**

Vista a solicitude realizada por D.<sup>a</sup> Esmeralda Cardinale para a instalación do Circo Roy Cardinale no Concello desde o día 1 ata o 4 de abril de 2010,

Visto que solicitou tamén autorización a Costas, quen lle comunicou que necesitaba con carácter previo o permiso do Concello,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do circo Roy Cardinale do 1 ao 4 de abril de 2010.

### **19.- CESIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO ENSANCHE DO VIAL DAS BARXAS A BERDUCEDO.**

Vista a seguinte relación de persoas, titulares de terreos que ceden gratuíta e voluntariamente ao Concello para a construción de beirarrúas no ensanche do vial das Barxas a Berduedo (no tramo comprendido entre a Moca e a subida ás Pagonas), segundo os planos que acompañan, e cuxos nº de documento de identidade constan nos documentos de cesión, e visto que a cesión está condicionada a que se repoñan os bens afectados por dita obra:

<b>TITULAR</b>	<b>ENDEREZO</b>	<b>SUPERFICIE</b>
D. <sup>a</sup> Etelvina Valverde Corrales	Moca, 34 – 1º	230,8635 m2
D. <sup>a</sup> María Teresa Seoane Francisco	Pozonegro, 43	131,4557 m2
D. <sup>a</sup> Isabel Ferverza Seoane	Pozonegro, 52	74,1719 m2
D. <sup>a</sup> Ana M <sup>a</sup> Pena Gil	Sisalde, 3	32,1983 m2
D. <sup>a</sup> María Teresa Seoane Francisco	Pozonegro, 43	24,2624 m2
D. Alvaro Iglesias Paredes	A Moca, 28	2,26 m2
D. <sup>a</sup> María García Paz	A Moca, 26	16,89 m2
D. Manuel Sánchez Alonso	A Moca, 38	9,48 m2
D. <sup>a</sup> Estrella Seoane del Río	Rosalía de Castro, 16 – 1º	47,9918 m2
D. <sup>a</sup> María del Carmen Jalda de Sa	A Moca, 37	10,52 m2

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar as cesións que aparecen na relación, con compromiso de reposición dos bens afectados por dita obra, e computándolles a superficie cedida para os efectos de edificabilidade.

## 20.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

20.A) Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
José Currás Trigo	Saneamento, uso doméstico	Pombal, 65 Meira	D <sup>os</sup> saneamento .....180	Aqualia Arquitecto técnico
Jesús Corrales Malvido	Auga uso doméstico	Ave do Mar, 7 – 4º A	D <sup>os</sup> conexión auga..... 60 Fianza auga..... 20	Aqualia
Manuel Núñez Jalda	Auga uso doméstico	Pura P. Prado, s/n, portal 2 – 2º B	D <sup>os</sup> conexión auga..... 60 Fianza auga..... 20	Aqualia
José Paredes Costas	Saneamento, uso doméstico	Ameixoadá, 22	Presenta copia da factura de Espina & Delfin, s.l. por acometida á rede de saneamento.	
Isabel Piñeiro González	Saneamento, uso doméstico	Mourería, 250 Meira	D <sup>os</sup> saneamento .....180	Aqualia Arquitecto técnico
Rubén Pereira Pérez	Auga uso doméstico	Ave do Mar, 7 – 3º B	D <sup>os</sup> conexión auga..... 60 Fianza auga..... 20	Aqualia
María Santomé Corbacho	Saneamento, uso doméstico	Ribeira, 4 Meira	D <sup>os</sup> saneamento .....180	Aqualia Arquitecto técnico
Comunidade de Propietarios de Vivendas Fragata La Blanca nº 29	Auga uso doméstico	Fragata Almansa, 29	D <sup>os</sup> conexión auga..... 60 Fianza auga..... 20	Aqualia
María Nuria Costa Trigo	Saneamento, uso doméstico	Couso, 66 Meira	D <sup>os</sup> saneamento .....180	Aqualia Arquitecto técnico
Jesús Martínez Costa	Saneamento, uso doméstico	Ameixoadá, 2A	D <sup>os</sup> saneamento .....180	Aqualia Arquitecto técnico
Ermitas Fernández Piñeiro	Auga uso doméstico	Redondo, 144	D <sup>os</sup> conexión auga..... 60 Fianza auga..... 20	Aqualia Arquitecto técnico
Pamela Chapela Cordero	Auga e saneamento uso comercial	Concepción Arenal, 106, baixo esq.	D <sup>os</sup> conexión auga..... 60 Fianza auga..... 20 Saneamento..... 180	Aqualia Arquitecto técnico
Ermatas Fernández Piñeiro	Auga uso doméstico	Redondo, 144	D <sup>os</sup> conexión auga..... 60 Fianza auga..... 20	Aqualia Arquitecto técnico

20.B) D.<sup>a</sup> Isabel Santomé Nogueira, por escrito do 20 de outubro de 2009, expón que xa pagou as taxas de saneamento no ano 1985, da vivenda en Ribeira-Meira, 189-190. Achega documentación xustificativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de alta no padrón de auga e saneamento.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:20 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.